
Orzamentos Xerais do Estado 2019



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.gal

ORZAMENTOS DO ESTADO 2019

A política económica dun goberno defínase nos orzamentos. Tan importante como o montante total dos mesmos, é a distribución do gasto e a procedencia dos ingresos; asemade o peso do sector público na actividade económica tamén é determinante na evolución do PIB, nivel de emprego...

Os orzamentos para o ano 2019 preséntanse nun escenario de ralentización da actividade económica; a previsión de medre do Produto Interior Bruto (PIB) para o ano 2019 é do 2,2%, 4 décimas menos do previsto para 2018. Esta redución vén producida pola caída da demanda interna, xa que se prevé que a contribución do saldo exterior ó crecemento do PIB sexa neutro.

No que atinxe á demanda interna, redúcese tanto o consumo como a formación bruta de capital (inversión das empresas), aínda que en maior medida esta última, xa que pasa dun crecemento do 5,5% no ano 2018 a un 4,3 previsto par o ano 2019. No caso do consumo, prevese que o crecemento se reduza do 2,2% a un 1,%; redúcese tanto o consumo público coma o privado.

Este freo no medre da actividade económica ten unha incidencia directa na creación de emprego; o previsión é que o emprego total (postos de traballo equivalentes a tempo completo) se incremente un 1,8%, cando as previsións para o ano 2018 é que remate cun aumento do 2,5%; aínda que o medre é inferior, segundo o goberno, a taxa de paro vai reducirse ata o 14% desde o 15,5% que se espera remate 2018.

No que atinxe a variación de prezos, medida a través do deflector do PIB, estímase que medren un 1,7% durante o ano 2019.

A este escenario o goberno pretende aportar 472.659,76 millóns de euros, un 4,8% máis que o previsto no ano anterior.

O incremento procede maioritariamente de operacións correntes, nomeadamente dos impostos directos que son os que aportan o maioría do medre con respecto ós ingresos previstos para 2018, concretamente o 60%; tamén a través dos impostos indirectos medra a recadación, un 15,8% en termos relativos; entres ambos impostos soportan maioritariamente o medre do orzamento, xa que o endebedamento é lixeiramente inferior ó do ano 2018: 147.946 millóns fronte os 150.218 do ano anterior.

Baixa a recadación a través de taxas, prezos e outros ingresos un 0,8%.

Ingresos consolidados por capítulos. Millóns de euros.

Capítulos	2018	2.019	Variación	
			absoluta	Relativa
I. Impostos directos	210.024,87	223.613,59	13.588,72	6,5
II. Impostos indirectos	47.191,00	54.627,00	7.436,00	15,8
III. Taxas, prezos e outros ingresos	14.643,86	14.523,09	- 120,77	-0,8
IV. Transferencias correntes	12.223,10	13.349,42	1.126,32	9,2
V. Ingresos patrimoniais	5.965,76	7.316,12	1.350,36	22,6
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	290.048,59	313.429,23	23.380,64	8,1
VI. Alleamento de investimentos reais	233,12	525,18	292,06	125,3
VII Transferencias de capital	2.917,99	2.226,80	- 691,19	-23,7
T. INGRESOS NON FINANCEIROS	293.199,70	316.181,20	22.981,50	7,8
VIII. Activos financeiros	7.703,51	8.531,75	828,24	10,8
TOTAL INGRESOS	300.903,21	324.712,95	23.809,74	7,9
<i>Necesidade de endeudamiento</i>	150.218,11	147.946,81	- 2.271,30	-1,5
TOTAL INGRESOS	451.121,63	472.659,76	21.538,13	4,8

Fonte: Proxecto de presupostos xerais do estado para 2019.

O capítulo de ingresos que maior previsión de medre presenta para este ano (en termos absolutos), é o capítulo 1, impostos directos; a este incremento contribúe tanto as modificacións no imposto do IRPF como no de sociedades. A previsión de medre da recadación a través do IRPF, contribúen varios factores: o incremento das persoas ocupadas máis o medre do Salario Mínimo Interprofesional – que deberían ter unha incidencia directa na recadación deste imposto-, o incremento do tipo de gravame para as rendas superiores ós 130.000 euros (2 puntos) e en 4 puntos a partir de 300.000 euros e para as rendas do capital superiores ós 140.000 euros.

No que atinxe o imposto de sociedades, as novidades máis destacables son as relativas o establecemento de tipos mínimos neste imposto (15% para as grandes empresas e 18% para as entidades financeiras , compañías de explotación de hidrocarburos), tamén se limita nun 5% as exencións por dividendos e plusvalías xeradas no exterior.

Asemade neste capítulo destacan as novas figuras impositivas: impostos sobre transaccións financeiras (grava cun 0,2% a compravenda de accións de empresas con cotización bursátil superior a 1.000 millóns de euros), e un imposto sobre Determinados Servizos Dixitais (grava cun 3% os servizos de

publicidade en liña, servizos de intermediación en liña e venda de datos) a empresas que facturen máis de 3 millóns no Estado Español e 750 millóns a nivel global.

En conxunto o medre de ingresos neste capítulo estimase en 13.588,72 millóns de euros; acadando os 223.613,59 millóns de euros.

No que atinxe ó capítulo II, impostos indirectos, en termos relativos estímase un incremento do 15,8%; neste capítulo o imposto de maior peso é o IVE, e a el, se lle atribúe o maioría do medre; medre que se debe matizar xa que en parte débese ó novo sistema que se comezou a aplicar no ano 2017, Suministro Inmediato de Información (SII); a adaptación ó mesmo fai que no ano 2019 se contabilicen ingresos procedentes de 13 meses, un mes máis, polo que a comparativa co ano anterior non é rigurosa. En calquera caso, os ingresos procedentes deste imposto estímase en 54.627 millóns de euros.

Sumando os resto dos capítulos non financeiros, acadan en total os 316.181,20 millóns de euros (7,8% superiores os do ano 2018); sendo os gastos previstos de 472.659,76 millóns; a necesidade de endebedamento acada os 147.946,81 millóns, un 1,5% menos que no ano 2018.

Dentro dos gastos previstos nos orzamentos, vamos centrarnos naqueles de carácter social ou que afecten directamente a Galicia; nestes últimos, o máis destacable é o inversión territorializada por comunidades.

Distribución territorial da inversión real. Millóns de euros

	2018	2019	Variación	
			Absoluta	Relativa
Andalucía	1.477,45	2.132,77	655,32	44,4
Aragón	407,13	539,60	132,47	32,5
Asturias	232,82	295,44	62,62	26,9
Baleares	171,67	152,03	-19,64	-11,4
Canarias	281,54	283,01	1,47	0,5
Cantabria	272,09	246,85	-25,24	-9,3
Castela e León	1.002,14	1.094,05	91,91	9,2
Castela a Mancha	589,40	637,34	47,94	8,1
Catalunya	1.349,59	2.051,38	701,79	52,0
Estremadura	385,55	491,89	106,34	27,6
Galiza	936,79	757,10	-179,69	-19,2
Madrid	1.247,31	1.249,25	1,94	0,2
Murcia	340,62	374,32	33,70	9,9
Navarra	56,44	108,51	52,07	92,3
A Rioxa	63,20	38,48	-24,72	-39,1
Valencia	740,36	1.189,88	449,52	60,7
Euscadi	509,05	469,37	-39,68	-7,8
Melilla	37,86	49,94	12,08	31,9

Ceuta	27,17	20,74	-6,43	-23,7
T. rexionalizábel	10.128,18	12.181,95	2.053,77	20,3
Non rexionalizable	4.662,60	4.728,35	65,75	1,4
Extranxeiro	31,94	36,94	5,00	15,7
TOTAL	4.822,72	16.947,24	2.124,52	14,3

En conxunto a previsión de gasto en inversión territorializada é de 16.947,24 millóns de euros, un 14,3% máis que no ano 2018; se non temos en conta a non rexionalizabel (a que afecta a máis dunha comunidade e polo tanto non se lle asina a ningunha), o medre previsto é dun 20,3%, acadando os 12.181,95 millóns.

Neste reparto Galiza sae moi mal parada, de feito é a segunda comunidade, despois da Rioxa, onde máis descenden a dotación de inversión, concretamente un 19,20%, o que en termos absolutos equivale a 179,69 millóns menos.

No lado oposto sitúase a Comunidade Valenciana para a cal os fondos medran un 60,7%. Os destinados a Cataluña incrementáanse nun 52%.

Tampouco a través do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), se corrixe a desvantaxe anterior.

Fondo de Compensación Interterritorial. Millóns de euros.

	2018	2019	Variación	
			Absoluta	Relativa
Galiza	42,51	42,06	-0,45	-1,1
Andalucía	160,92	160,34	-0,58	-0,4
Asturias	14,16	14,51	0,35	2,5
Cantabria	5,26	5,5	0,24	4,6
Murcia	21,66	20,91	-0,75	-3,5
Valencia	52,3	53,27	0,97	1,9
Castela a Mancha	35,01	34,43	-0,58	-1,7
Canarias	50,14	51,28	1,14	2,3
Estremadura	25,09	24,22	-0,87	-3,5
Castela e León	18,77	19,28	0,51	2,7
	425,82	425,8	-0,02	0,0

Fonte: Proxecto de presupostos xerais do estado para 2019.

Un fondo, que pola propia definición foi creado para corrixir as desigualdades económicas interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade, cada vez ten menos dotación; a pesar de que as desigualdades interterritoriais medran; e Galiza cada anos se ve máis prexudicada no reparto.

Para o ano 2019, a dotación deste fondo acada os 425,80 millóns de euros, cifra similar a do ano anterior; pero Galiza perde un 0,5% no reparto, o que en termos absolutos equivale a 450 millóns de euros, cifra nana despreziable.

Un ano máis temos que denunciar o agravio que é para nos o forte lastre que ten o peso poboacional no reparto deste fondo; xa que o ser unha das comunidades con maior perda de poboación, incide directamente na cuantía deste fondo. Coidamos que variables, como dispersións xeográficas.. deberían ter un peso maior.

No que atinxe o gasto social, clave en calquera orzamento, a distribución e evolución con respecto a 2018 é como segue:

Gasto social en millóns de euros.

	2018	2019	variación	
			Absoluta	Relativa
Pensións	144.834,31	153.864,29	9.029,98	6,2
Outras prestacións económicas	14.388,37	15.624,73	1.236,36	8,6
Servizos e promoción social	2.512,09	3.645,05	1.132,96	45,1
Fomento do emprego	5.716,14	5.984,61	268,47	4,7
Desemprego	17.702,18	18.401,72	699,54	4,0
Acceso a vivenda	473,39	678,69	205,30	43,4
Xestión e administración da seguridade social	3.466,65	3.346,22	- 120,43	-3,5
(1) PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	189.093,13	201.545,31	12.452,18	6,6
Sanidade	4.251,50	4.292,13	40,63	1,0
Educación	2.600,01	2.722,26	122,25	4,7
Cultura	837,65	952,85	115,20	13,8
(2) PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	7.689,16	7.967,24	278,08	3,6
GASTO SOCIAL (1)+(2)	196.782,29	209.512,55	12.730,26	6,5

Fonte: Proxecto de presupostos xerais do estado para 2019.

O gasto social total medra un 6,5% de media, acadando os 209.512,55 millóns; con importantes diferenzas entre as distintas partidas.

A pensións prevese destinar un 6,2% máis que no ano anterior, o que equivale a 9.029 millóns máis de euros; a este medre contribúe tanto o aumento do número de pensionistas, como os incrementos acordados.

O incremento medio das pensións é do 1,6% para este ano; salvo as pensión mínimas e as non contributivas que medraran un 3%

Tamén se recolle un incremento para as pensións de viudedade derivado do aumentar en 4 puntos a pensión, ata acadar o 60% da base reguladora.

Os traballadores da industria permitiráselles a xubilación parcial vinculada a un contrato de relevo.

Convén recordar a incidencia que a presión dos pensionistas tivo na consecución destes medres, presión que continúa.

Para este ano estímase en 15.165 millóns o creto do estado á Seguridade Social para facer fronte as mesmas.

No que atinxe a outras prestacións económicas, o medre é do 8,6%; nesta partida están incluídas desde as prestacións do FOGASA (a dotación desta política é de 5.985 millóns , un 4,7% máis), as IT...; a este incremento contribúe desde o aumento do permiso de paternidade, modificacións nas prestacións do RETA..

A servizos e promoción social, destínanse 3.645,05 millóns de euros, un 45% máis que no ano 2018, en termos absolutos equivale a 1.132,96 millóns máis, dos cales Atención á Dependencia se beneficia de 831 millóns a maiores; é dicir, o 73% do medre desta función destínase ó programa de dependencia.

Neste grupo funcional tamén se inclúen os 185 millóns destinados a violencia de xénero, un 16% máis que no ano 2018.

Fomento do emprego ten un orzamento previsto de 5.984,61 millóns de euros, un 4,7% máis que no ano anterior; xunto coa de desemprego son as dúas partidas de gastos social que medran menos que o incremento global dos orzamentos.

Dentro deste apartado, o medre maior correspóndese co programa de formación profesional para o emprego, un 10% máis que no ano anterior, acadando unha dotación orzamentaria de 2.570 millóns de euros, dos cales á formación para ocupados destínase a maior dotación (1.221 millóns); a continuación a formación pa desempregados , a cal se destinan 857 millóns .

Non se desprende dos orzamentos cambios nas políticas de fomento do emprego, tan só modificacións nas cantidades.

Ao programa de desemprego destínanse 18.401 millóns de euros, un 4% máis que no ano 2018; neste incremento inclúese a proposta de ampliación do subsidio de maiores de 52 anos (agora maiores de 55), o impacto do aumento do SMI na prestación contributiva, a inclusión do desemprego nos contratos de formación e aprendizaxe..

O programa de acceso a vivenda incrementase un 43,4%; aínda así estamos falando de cantidades moi insuficientes (678 millóns de euros) dados os graves problemas sociais que o tema da vivenda está xerando.

Ademais dos gastos social, unha partida importante dos orzamentos é a destinada a amortizar débeda; para este ano o gasto destinado a este fin estímase en 91.976,26 millóns de euros, que se lle engadimos os 31.448,50 millóns dedicados o pago de xuros derivado da mesma, o montante do gasto financeiro acada os 123.424 millón, o 26% do total do orzamento.

Vigo, 22 de xaneiro de 2019

Gabinete Técnico Confederal